

# SONS - NÓS

MAITE DONO  
BALDO MARTÍNEZ



O novo disco de *Maite Dono* e *Baldo Martínez* xurde arredor da figura de **Uxío Novoneyra**, que este ano é o autor a quen se lle dedican as Letras Galegas. Con *Sons-Nós*, ambos artistas súmanse a esta homenaxe.



## sons-nús o reino do calado

Devezo de espir, á beira do río, da verea soñada, da cidade inqueda, devezo de espir. Máis un á espreita, sempre ao asexo do ar, do que se despendura do íntimo. Contra baixo e voz. O reino do calado. Chámase.

Optamos así, porque só así non sabemos; e é este descoñecemento profundo e aterrador o compás da viaxe.

Sons-nús para dar de comer á res ampla do silencio. Sons-nús sen varanda e con vertixe. Contra baixo e voz. O reino do calado.

E o Uxío con nós. Da súa mao o carnabudo, a loira, o ucedo, o couso do lobo. O Uxío con nós, e recúa o medo. Danos boca, a montaña. Borrámos lindes E imos cara a ningún lado. Equilibristas do lume, do mar, de arames imaxinarios (...) Cara a ningún lado arrincando flores descoñecidas, agarimando as que xa nos coñecen, destrozando valos, reconstruíndo castelos, con espada ou sen ela, no ar, desbaratando fortalezas, sendo desbaratados.

*Ut queant laxis*, periplo sen nome. Contra baixo e voz. O reino do calado. Chámase.

# sons-nús

maite dono & baldo martínez

**Sons-nús**, é un dúo no que a voz de Maite Dono e o contrabaixo de Baldo Martínez reúnen a partir do Jazz, o folklore, e a libre improvisación, dando lugar a un peculiar proxecto sonoro e interpretativo; onde versatilidade e non-definición xogan un papel importante á hora de falar deste proxecto. A voz cantada ou falada (utilizando a poesía como vía: Uxío Novoneyra, a propia Dono, etc.) pode viaxar do coñecido ó descoñecido, e o contrabaixo, tamén nesa viaxe de risco, perfila música e expresión de todo o conxunto.

Sons-nús xurde a partir da idea de traballar nun proxecto máis intimista, dando maior liberdade á creatividade; despois de ter compartido os dous proxectos que os achegaron estilisticamente, como é o caso máis recente do PROXECTO MIÑO, onde a partir do folklore e cunha linguaxe de jazz contemporáneo conséguese un novo espazo creativo.

Este traballo une a dúas grandes figuras da música, que van madurando a súa relación artística ao seu paso por distintos festivais de todo o mundo.



**Maite Dono. . . . . Voz**

**Baldo Martínez. . . . . Contrabaixo**

## Maite Dono

Actriz, cantante e poeta

**“... a voz máis consistente de entre as novas poetas, creadora dunha poesía violeta”.** (Helena González, *Anuario de Estudios Galegos*, 2000). Musicalmente é considerada coma unha cantante de grande expresividade, moi persoal, que emprega a voz como un instrumento versátil e poderoso. Na actualidade considérase como a voz revelación no eido das músicas contemporáneas (Jazz, Folk, músicas improvisadas...) **“Maite Dono, sobresaínte en todo momento, lembra no seu facer á mellor María Joao”:** (Manuel Pérez Rey - *Distrito Jazz*)

Licenciada en Interpretación pola R.E.S.A.D. Comeza a súa trayectoria profesional cunha intensa actividade teatral. A súa faceta musical iníciase no ano 1998 co seu primeiro disco como solista CORAZÓN DE BRIEF, no que canta acompañada unicamente polo piano de Manuel Gutiérrez. O seu segundo traballo leva por título O MAR VERTICAL, que se completa cun libro de poemas homónimo.

Ten participado en distintos traballos musicais de grupos e artistas como: NA LÚA, LA MUSGAÑA, ALBERTO CONDE, CARLOS BECEIRO, etc. E colaborado tamén con artistas de outras áreas en proxectos híbridos. Dende fai catro anos, experimenta poética e musicalmente co INTRUSO.

As súas últimas aportacións á música son a participación no PROYECTO MIÑO de BALDO MARTÍNEZ, e o dúo co contrabaixista en SONS-NÚS.

Como poeta, publicou MANTA DE SOMBRA, 1996. O MAR VERTICAL, 2000. DESILENCIOS, 2003. CIRCUS GIRL, 2009.



## Baldo Martínez

Contrabaixista e compositor

É un dos músicos máis representativos do Jazz contemporáneo feito en España. Lonxe das correntes do Jazz americano e moi na liña do Jazz europeo actual, alterna a súa actividade musical entre éste e a música libre improvisada. Entre os seus proxectos máis recentes é de destacar o **PROYECTO MIÑO**, un dos máis atrevidos e innovadores que dirixeu. Co motivo da saída do disco, a revista francesa JAZZ MAGAZINE sitúao “**como un dos 10 mellores discos do mes de xaneiro 2008**”. Tamén nominado como **Mellor disco de Jazz** nos PREMIOS DA MÚSICA, e **Mellor disco do ano 2008** pola revista CUADERNOS DE JAZZ.

Despois de fundar bandas como CLUNIA o ZYKLUS, nas que se apreciaba a súa inquedanza por abrir novos camiños, crea o seu propio grupo no ano 1994, sen descoidar as súas colaboracións con músicos da talla de KENNY WHEELER, LOUIS SCLAVIS, JOACHIM KUHN, JORGE PARDO, CARLO ACTIS DATO, MARÍA JOAO, PAOLO FRESU.

No ano 2006 xunto a RAMÓN LÓPEZ e AGUSTÍ FERNÁNDEZ forma o grupo TRIEZ, debutando no Festival Jazz e Colors de París. Traballo a tres eloxiado pola crítica.

Baldo Martínez levou a súa música por distintos festivais de todo o mundo: Festival de Jazz de San Sebastián, Jazz and More (Sibiu-Rumanía), EuroJazz (México), Guimaraes Jazz (Portugal), Jazzebre, Nevers, Lyon (Francia), Triennale de Colonia, Jazz made in-Munich (Alemania), Tanjazz (Marrocos), etc.

A súa discografía ascende a máis de 30 discos, e entre os seus proxectos actuais destacan: Baldo Martínez Grupo co **PROYECTO MIÑO**, dúo con Maite Dono en **SONS-NÚS**, **TRIEZ**, dúo con Carlo Actis-Dato en **FOLKLORE IMAGINARIO**.

